

**MELLORA DA ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS  
PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA RAEG  
NA ZONA ESTE DA ATM DE SANTIAGO**

**CLAVE: AC/22/052.06**

## 1. Obxecto da Actuación

O obxecto do proxecto é definir, xustificar e valorar as actuacións que a Xunta de Galicia levará a cabo para a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas (RAEG), na zona este da ATM de Santiago de Compostela. As paradas sitúanse sobre as estradas AC-240 (concello de Boqueixón e Touro), AC-960 (concello de Boqueixón e Touro) e AC-261 (concello de Boqueixón), todas na provincia da Coruña.

## 2. Plan de Estradas

As estradas AC-240, AC-960 e AC-261 son estradas convencionais da Rede Local de Estradas da Xunta de Galicia.

## 3. Descrición da Actuación

As actuacións tratan de dar cumprimento a normativa vixente de accesibilidade e utilización do transporte público, e consisten basicamente en:

- Mellora e acondicionamento dos itinerarios peonís na entorna de 69 paradas. Os itinerarios contarán con anchura mínima accesible e disporán de pavimentos diferenciados (podotáctiles).
- Mellora dos apartadoiros para autobuses e as súas cuñas de entrada e saída.
- Colocación de refuxios.
- Mellora da sinalización horizontal e vertical.

## 4. Características técnicas

### Seccións tipo:

- Sendas e beirarrúas: nos treitos onde na actualidade non existen beirarrúas, a tipoloxía do itinerario peonil será unha senda de formigón delimitado por un bordo. Cando a parada se acondicione sobre beirarrúa existente, manterase a tipoloxía de pavimentos e bordos existentes. As sendas e as beirarrúas terán un ancho mínimo de 1,80 m mais 22 cm de bordo.
- Apartadoiros para autobuses e cuñas: lonxitude de cuñas de entrada e saída: 30 m; lonxitude de carril de parada: 15 m; ancho do carril e cuñas 3,00 m.
- Refuxios: con carácter xeral colocaranse refuxios de tipo urbano (2,76 x 1,70 m), agás casos puntuais de refuxios de tipo rural (3,06 x 1,65 m). En sendas con ancho suficiente o refuxio sitúase próxima a calzada e por diante do refuxio terá un ancho mínimo de 1,2 m (nunca inferior a 0,9 m), e por detrás do refuxio haberá un itinerario accesible mínimo de 1,8 m. En sendas de ancho reducido, o refuxio sitúase xunto a liña de fachada e cerramento a unha distancia duns 30 cm, e por diante haberá un itinerario peonil accesible de 1,8 m. Nos casos con pouco ancho da senda, trasladarase o refuxio ás zonas de cuña, preferentemente á cuña de saída, onde sexa posible ampliar o ancho do itinerario accesible.

### Firmes e pavimentos:

- Beirarrúas: pavimento formado por un recheo de espesor variable de 50 cm de solo seleccionado, 20 cm de formigón e baldosa ou 20 cm de formigón no caso de senda.
- Firme variará en función do tipo de solo, constará dunha capa de solo seleccionado e espesor variable (50-75 cm), capa de 35 cm de saburra artificial ou 25 cm de lousa de formigón, capa intermedia de 10 cm de AC 22 bin BC 50/70 S e capa de rodadura de 5 cm de AC 16 SURF 50/70 S.

### Estruturas:

Construiranse 8 muros de colleira ou bloques de formigón de altura variable (entre 0 e 2 metros) nas seguintes estradas:

- AC-240: PP.QQ. 15+120 ME (marxe esquerda), 22+760 MD (marxe dereita), 24+470 ME, 25+340 ME e 25+610 ME.
- AC-261: PP.QQ. 1+520 MD
- AC-960: PP.QQ. 1+690 ME e 2+510 ME.

## 5. Poboación Servida

Boqueixón	4.156 hab.	Touro	3.389 hab.
-----------	------------	-------	------------

**TOTAL: 7.545 habitantes (IGE 2023).**

## 6. Concellos Afectados

Boqueixón e Touro.

## 7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 45. A superficie de expropiación definitiva é de 2.857,15 m<sup>2</sup>.

Expropiacións de terrenos	52.723,61 €.
Bens afectados	14.130,52 €.
Premio de afección	3.342,71 €.
Total expropiacións e indemnizacións	70.196,84 €.


## 8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAOITO (18) meses.


## 9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	1.657.454,09€.
Orzamento Expropiacións e Bens afectados	70.196,84 €
Orzamento Servizos Afectados	22.342,73 €
Orzamento para coñecemento da administración	1.749.993,66 €.

PLANO DE SITUACIÓN



PARADAS



SECCIONES TIPO

